



REAL ACADEMIA GALEGA

"A colección Val de Lemos condensa o modo de andar a terra que Manuel María quería"

25/04/2016

<https://academia.gal/-/a-coleccion-val-de-lemos-condensa-o-modo-de-andar-a-terra-que-manuel-maria-queria>

En Manuel María hai algo de Arte Povera. A súa obra, salienta Margarita Ledo, olla para nós dicíndonos o que Pistoletto repite: non se trata da arte pola arte senón da arte en canto á estética que procura a ética. A académica destaca deste xeito un dos trazos característicos da súa produción literaria, pero o legado do poeta chairego vai moito máis aló das páxinas que el mesmo deixou escritas. Ledo lembra a experiencia da colección de poesía Val de Lemos, creada polo autor a finais dos anos 60 e que condensa "o modo de andar a terra que Manuel María quería".

En Val de Lemos publicaron, entre 1968 e 1975, algunhas das súas primeiras obras escritores como Lois Diéguez, Darío Xohán Cabana ou a propia Margarita Ledo xunto a autores xa consagrados das letras galegas como Celso Emilio Ferreiro. [A académica](#) subliña a importancia deste proxecto do autor que será homenaxeado co Día das Letras Galegas de 2016 ao responder o "Cuestionario Manuel María", no que tamén recorda o seu primeiro encontro co escritor e a súa dona, Saleta Goy, no verán de 1970.

Que características pensa que definen a obra de Manuel María?

Recén insisto no vencello entre Manuel María e o movemento denominado Arte Povera, cuxo meirande representante talvez sexa Michelangelo Pistoletto. Este xiro dende a poesía existencial dos anos primeiros cara aos materiais de tocar coa man, cara ao próximo, cara ao paspallás que co seu canto anuncia o pan, coido que é un indicio nido do seu paso acompasado con todo o que lle é contemporáneo. Por iso podemos atopalo nos sesenta canda Voces Ceibes ou agora musicado por Uxía Senlle. Por iso milita na causa da liberación nacional e social de Galiza. Nunha conversa, *Impliquémonos*, entre Pistoletto e Edgar Morin, entre un artista e un cientista social, a propósito do proxecto *Cittadellarte* que Pistoletto define como unha xeografía da transformación e que ten por obxecto conectar, pór en relación iniciativas diferentes, o Morin sociólogo e grande observador comenta que sempre, na historia humana, todo comeza por unha iniciativa, unha innovación, unha mensaxe de carácter aparentemente marxinal, fóra do rego, modesta e que fica, as máis das veces, inapreciábel para as e os seus contemporáneos. E teño para min que a obra de Manuel María -o mesmo que cando se nos relata nun filme que vimos de reeditar,

Manuel María: eu son fala e erra desta miña terra- olla para nós dicíndonos precisamente iso que, neste caso, Pistoletto repite unha e outra vez: non se trata da arte pola arte senón da arte en canto estética que procura a ética.

Cales son, ao seu xuízo, as súas achegas de maior interese?

No ronsel de diferentes estudosos e estudosas que organizan a obra de Manuel María en poesía da Tebra, etnopaixaxística, social e política, poesía amorosa., ao tempo que nola sitúan en universos complexos nos que a harmonía linda sempre co abatemento, o que se enuncia co que se denuncia, o que para min representa, en singular, Manuel María é a "proba documental" de que, no caso de nós, a poesía foi e é unha das cariátides que terman da nación desexada que atravesa, con distintos rexistros, a obra do poeta.

Que pegada coida que deixou na cultura galega?

Neste caso vou falar do que me é máis próximo, da colección de poesía Val de Lemos que condensa, dalgún xeito, o modo de andar a terra que Manuel María quería: o nome da colección, Val de Lemos, termaba dun lugar concreto que el amou; a forma era *povera*, de urxencia, libros realizados cos medios á man e na imprenta de Villarabide, en Sarria, onde eu anos despois gravei unha das escenas máis intensas para o filme sobre Lister. A produción facíaa o propio Manuel e nese acto unía as persoas que nos achegabamos á nación cos devanceiros, con Celso Emilio, con Xosé Neira Vilas. Porque Manuel respondía as cartas cada día, ía ao correo decote e remesaba puntualmente os cadernos de poesía a toda a tropa galeguista. Despois o milagre acontecía e alguén que coma min facía Xornalismo en Barcelona topaba na caixa do correo unha misiva desde Caracas agradecendo *Parolar cun eu, cun intre, cun insecto* e comentando con moito tino, para non me ferir, supoño, aqueles primeiros poemas. Val de Lemos foi un lugar de encontro e de crenza no futuro; foi a revancha da palabra contra a súa desaparición; foi a lingua galega como sinal das contrabandistas. No meu caso foi algo máis, foi a botella ao mar na procura do que en algures existía, foi o modo de entrar en relación cunha xeración que fixo de min unha persoa prendada da política, dos países pequenos e imperfectos e das historias con final aberto. Díxeno así nunha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro e repítoo sempre como homenaxe ás pequenas accións.

Que vixencia conserva a súa creación?

Abondaría con ollarmos para a presenza desa liña de sombra que debuxaba por veces unha tristura fonda no Manuel, para o vencello idioma-pobo e a urxencia de remediar un síntoma, o do desleixo, que non é outra cousa senón que a desaparición do Nós como suxeito colectivo, como nación, como ese espazo onde se dan amores e mal de amores, intereses confrontados, relacións de Poder que Manuel quere do revés, para luír na súa vixencia. Abondaría con fixármonos no combate ao que consideraba a forma máis cruel da inxustiza: que che retiren a túa caixa de ferramentas, que te expulsen da casa, que te boten desa *communitas* construída ao longo do tempo e que se expresa no galego. En verso e en prosa, en poemas, crónicas, teatro, artigos en prensa, nunca se reconciliou coas razón oficiais ou oficiosas da emigración. Abondaría con volvérmonos para os materiais que tocamos coa man, para saber dunha escrita a prol das clases subalternas, das e dos excluídos das decisións. Tal se a lingua, o exército dos pobres, fose o único facho que podemos manter mentres nos expropian as terras, o sochán, as augas, as almas, é dicir, a xinea, as consciencias.

Como descubriu vostede a Manuel María? Que recordo garda daquela descuberta e que supuxo para vostede?

Eu fun coñecer a Manuel María e a Saleta Goi no 1970, ao rematar o primeiro curso dos estudos de Xornalismo. Fun a Monforte de Lemos, onde vivían. Agasalloume dous libros de poemas: un da súa autoría, *Versos pra un país de minifundios*, que sae do prelo en 1969, en Bos Aires e co cuño -precisamente- de Edicións Nós; e outro de Francis Jammes, un dos seus poetas de cabeceira. A dor do que nos falta, por unha banda, e a voz íntima, que cheira, toca, fica estantío diante "ese paxaro prodixioso / que canta en todos os poemas", pola outra. O Manuel público e o Manuel íntimo tíñao neses libros tan diferentes que me daba en prenda. Abraioume o sentido medido do tempo, a organización campesiña das horas do día, o degoiro pola conversa, a risada aberta e a ironía que, andando a obra, localicei na súa poesía civil.

Cal é a súa obra ou o seu poema favorito de Manuel María? Por que?

Déixeme escoller tres. É o que fago no meu filme *Manuel María: eu son fala e terra desta miña terra*. "Chao", un poema de despedida que é tamén a declaración de pertenza á tribo (Outeiro) e á natureza; "Acuso á clase media", ese poema-manifesto que representa todo un período de escrita de compromiso político explícito; e como cerna da poesía amorosa aquel primeiro poema a Saleta, do ano 1956, "*estou só co outono, miña amiga...*", que agroma ao longo da súa andaina en variacións saudosas, outonais, eternas. Para min quedo coas obras do Manuel en movemento, sinécdoque dun país en movemento, ... "*ate ser po, seixo e silveira*".